



O presente disco está integrado por gravacións históricas do compositor, violinista, director e docente galego Andrés Gaos Berea (A Coruña, 1874 – Mar del Plata, 1959). As fontes destes rexistros son varios discos e bobinas que, xunto con outros importantes materiais, foron doados polo seu fillo menor á Universidade de Santiago de Compostela en maio do 2017. A xenerosa entrega do Fondo de quen é considerado un dos músicos galegos de máis proxección foi un acto de gran relevancia, motivo polo cal a Universidade compostelá, coa colaboración do Consello da Cultura Galega e outras institucións, celebrou en 2019 o «Ano Gaos» coa realización de concertos, edicións, exposicións, charlas e un documental. Rematado o «Ano Gaos», o Consello da Cultura Galega e o grupo de investigación Organistrum da USC queren pórlle o ramo coa edición deste CD en que se inclúen 14 números con obra de Andrés Gaos: a de piano interpretada polo propio autor e a de violín (a excepción da *Sonata* op. 37) polo seu alumno Víctor Hormaechea.

A MÚSICA PARA PIANO

Se ben Andrés Gaos é coñecido fundamentalmente pola súa actividade como violinista e compositor, o certo é que, como se pode apreciar nos nove números de piano desta gravación, era tamén un pianista de gran valía. Non cabe dúbida de que o descoñecemento desta faceta reside en que o músico coruñés nunca actuou como solista de piano. A interpretación sobre o teclado, no entanto, será unha constante ao longo da súa vida: utilizarao para compoñer, como ferramenta pedagóxica ou para exercer como pianista acompañante.

O seu discípulo Manuel Almirall salientaba precisamente a súa calidade como pianista, instrumento desde o cal nos contaba que dirixía as súas clases de violín. Todo o que os seus alumnos e alumnas tocaban, incluídos os exercicios técnicos e as escalas, era acompañado por Gaos, quen facía

o propio co repertorio que interpretaban non só nas aulas, senón tamén nos concertos públicos.

O seu labor como pianista non se reducirá, porén, ao ámbito docente. En diferentes ocasións acompañará a outros músicos destacados, entre os que cabe mencionar a Maurice Martenot, con quen, en 1932, realizou a xira española con ocasión da presentación do novo instrumento coñecido como «Ondas musicais». Nunha carta enviada ao fillo de Gaos o 30 de setembro de 1969, Martenot sinalaba precisamente a calidade de Andrés Gaos ao piano:

A musicalidade do voso pai aparecía na súa estimable colaboración nos meus concertos; pois non contento con apoiarme na organización deste, asegurábase en acompañarme ao longo de todo o programa. A delicadeza de certas sonoridades do instrumento de Ondas esixía do acompañante unha finura de pulsación da que poucos pianistas acompañantes son capaces.

Efectivamente, nas obras de piano deste CD podemos apreciar o gusto, a musicalidade e as grandes calidades interpretativas de Andrés Gaos, coas que logra non soamente sacarlle unha sonoridade moi particular ao instrumento, senón tamén ofrecernos unha proposta estética de como el consideraba que debía ser tocada a súa música.

O disco comeza con Gaos interpretando a súa *Muiñeira* e o seu *Zortzico*, dous dos seis números polos que está integrada a súa suite *Hispánicas*, sen dúbida unha das súas principais obras para piano, a cal, composta cara a 1938, nos presenta xa un compositor de gran madurez. En vida, soamente logrou editar o primeiro dos números, *Niebla en la Alhambra*, polo que chama a atención que escolla precisamente partes que non foran editadas para a súa gravación.

Da *Romanza* que segue, publicada en Bos Aires en 1939, o seu antigo alumno Adolfo Cipriota diralle que nela se aprecia esa «rica harmonía cromática» que logra manexar con mestría e «rara habilidade». Efectivamente, Gaos tiña

unha especial habilidade para a realización de harmonizacións exquisitas e complexas, o cal podemos apreciar non só nesta, senón na maioría das súas obras. Na súa interpretación cabe destacar, así mesmo, a sutileza e beleza coas que logra que os temas que se atopan nas voces intermedias emerxan dunha maneira completamente cristalina.

O *Himno del Centenario de la Independencia* é a única obra que, orixinalmente, non era para piano só senón para voz e piano. Foi composto para o concurso celebrado en Bos Aires, o 19 de abril de 1916, que gañou Gaos e que fixo que o Goberno de Tucumán declarase como himno oficial do centenario.

O *Preludio* que segue é anterior —escrito arredor de 1903— e está dedicado a Alberto Williams, decano da música arxentina do momento e amigo íntimo de Gaos. Williams devolveralle o agasallo dedicándolle a súa *Sonata para violín y piano* op. 49, que edita en Alemaña en 1905.

A parte do piano termina cos *Nuevos aires gallegos*, estreados en Bos Aires en outubro de 1922, programa do que



sacamos os títulos de cada movemento, pois na partitura estes non están indicados. O éxito que tivo esta obra no seu momento pódese apreciar no feito de que chegaron a facerse 3 edicións en 12 anos. Trátase dunha suite composta como segunda parte dos seus primeiros *Aires gallegos*, de 1905. Podemos dicir que, se ben o principio é o mesmo —compoñer para o piano do salón baseándose en xéneros populares galegos—, o xeito en que a leva a cabo é diferente. Na primeira suite sérvese de melodías xa existentes, folclóricas ou doutros compositores galegos que, como xa sinalaron Carlos Villaveva e Javier Garbayo, harmoniza coa maior transparencia posible; mentres que nos seus *Nuevos aires gallegos*, coa excepción de dúas pequenas citas, crea el mesmo as súas melodías. Foxe así da composición a «golpe de lapis» da que nos falaba Alejo Carpentier, para crear uns temas que emulan a creación popular sen selo.

Todas as obras para piano aquí presentadas foron gravadas por Andrés Gaos en discos instantáneos, un tipo de soporte

desenvolvido entre 1930 e finais de 1950. Fabricados con base de aluminio —aínda que algúns chegaron a facerse en aceiro, vidro ou papel—, eran amplamente utilizados nas emisoras de radio, pois permitían emisións en diferido.

O bo estado en que se atopaban estes discos, a pesar da súa fragilidade, permitiu dixitalizalos no INET da Universidade Nova de Lisboa. A dixitalización destes discos supón un proceso complexo que se parece ao da interpretación musical: se cunha mesma partitura diferentes executantes poden realizar distintas versións, a partir dun mesmo material sonoro diferentes técnicos poden obter distintos resultados. Os elementos que tomar en conta son varios, pero ten especial relevancia a selección da agulla. O tamaño desta variaba dunha gravación a outra, polo que é esencial descubrir cal permite que se eliminen os ruídos producidos pola vellez do soporte sen eliminar elementos da gravación orixinal.

A persoa encargada deste traballo, Isaac D. Raimundo, tivo especial coidado na busca do son orixinal, non só na

BIRMINGHAM

RECORDING
SYSTEM
BSR

REPRODUCERS

Airés Gallegos de Andrés Gao

Nº 3 y Nº 4

78 RPM

9

~~1.º Surco~~

Ejecutado al piano

por el autor

nº 78 (

~~_____~~
Nº _____

ENGLAND

parte de transcripción, senón tamén no posprocesamento e realización da masterización final. Por isto decidiu só quitar o ruído orixinado polas raias ou a sucidade que co tempo adquiriran os discos, pero deixou todos aqueles que eran inherentes ao soporte. Deste xeito conseguiu que neste CD poidamos oír algo moi similar ao que se escoitaría nun gramófono no momento en que estes discos foron gravados.

A MÚSICA PARA VIOLÍN E PIANO

Se este disco daba comezo cunha *Muiñeira*, que nos mostraba un Gaos maduro, a que abre a sección de violín e piano é, polo contrario, unha obra de xuventude, escrita cando o autor contaba apenas 18 anos.

Os elementos efectistas do violín, que tratan de emular o son dunha gaita, unidos a un acompañamento pianístico

◀ *Nuevos aires gallegos gravados polo seu autor, Andrés Gaos, en disco instantáneo*

bastante sinxelo, permiten o claro lucimento do primeiro, o que nos fai pensar que foi escrita máis para a súa exhibición como violinista que como compositor. Algo bastante distinto do que será a súa actividade creadora posterior: afastada de virtuosismos ou efectismos baleiros e cuns acompañamentos de gran valor artístico.

Considero que esta é a razón pola cal Andrés Gaos non conservou esta obra no seu arquivo. Se hoxe en día temos a partitura é grazas ao celo de Víctor Hormaechea, o seu intérprete no presente disco. Hormaechea foi alumno de Andrés Gaos entre 1920 e 1925, polo que sen dúbida debeu estudar esta e as dúas obras seguintes co seu mestre.

Esta *Muiñeira*, interpretada por V. Hormaechea e o fillo menor de Gaos ao piano, foi retransmitida en *Galicia en América*, programa de radio do Instituto Argentino de Cultura Gallega, do Centro Gallego de Buenos Aires.

Os dous seguintes números foron gravados nun dos programas organizados polo *Círculo Femenino Musical*

Muiñeira de A. Gaos, partitura que pertenceu a V. Hormaechea ►

VICTOR HORNACHE

VICTOR HORNACHE

Muñeira

Op. 2

de
Andrés Gaos

Violín y Piano

Santa Cecilia que eran retransmitidos pola Radio do Estado. Segundo nos conta Romira Dezillio, esta asociación foi fundada en 1944. Se ben a súa finalidade principal era a de dar a coñecer obras de mulleres compositoras —principalmente arxentinas—, o certo é que tamén difundían obras de compositores masculinos. Isto, mais o feito de que a violinista, compositora e directora Celia Torrá, antiga alumna de Gaos, estaba na súa comisión directiva, sen dúbida contribuíu a que se realizase un programa dedicado ao noso compositor.

A *Habanera* aquí presente é un bo exemplo de como Andrés Gaos era capaz de facer súa a música americana. A maneira en que está escrita, coa flutuación entre o compás de 2/4 e 6/8, e a presentación do ritmo de habaneira en varias versións sen dúbida achegan a obra ao modo como debían tocarse as habaneiras dentro do mundo popular urbano. Neste caso, a interpretación de Víctor Hormaechea, quen non só foi violinista académico senón tamén de

orquestras de música popular, contribúe a resaltar aínda máis ese carácter.

Do mesmo xeito que a *Habanera*, a súa *Romanza* foi publicada por primeira vez en Alemaña. Non cabe dúbida de que Gaos tiña especial predilección por ela pois, a pesar de non ser moi dado a interpretar as súas propias obras, tocouna en numerosas cidades entre 1927 e 1930: A Coruña, Salamanca, Ámsterdam, A Haia, París... A obra está dedicada a Jaime Llavallol, quen, ademais de xuíz de gran relevancia na Arxentina, fora alumno de Andrés Gaos.

Finaliza o disco coa *Sonata* op. 37, sen dúbida a obra de cámara de maior prestancia de Gaos. Na súa estrea en Bos Aires, en 1917, tivo unha grande aceptación da crítica, a cal xa resaltaba a súa forma cíclica, é dicir, o uso dos mesmos materiais temáticos nos tres movementos. Recorda así esta composición a célebre *Sonata* de César Frank, que tan ben coñecía o compositor galego.

1893 - 1922

Conservatorio de Música de Buenos Aires

Director fundador: ALBERTO WILLIAMS

92 Sucursales en la República

En el Salón Teatro, Calle Cangallo 1362

Recital de Violín

por

Victor Formaechea

Primer premio y Medalla de Oro en 1921

AÑO XXX DE SU FUNDACION

Neste CD presentamos só o primeiro e terceiro movemento, que foron os que chegaron a nós nunha bobina de cinta magnética gravada en 1969 nos Estudios Ion de Bos Aires. Declarado sitio de interese cultural na Arxentina, foi un dos primeiros estudos privados que existiron naquel país. A calidade do seu traballo serviu para atraer artistas de primeiro nivel como Ástor Piazzolla, Mercedes Sosa, Atahualpa Yupanqui, Charly García ou João Gilberto, entre moitos outros e outras. Isto foi o que levou ao fillo menor de Gaos a gravar esta *Sonata*, coa finalidade de contribuír á divulgación da obra do seu pai que levaba xa uns anos realizando.

Coa edición deste CD quixemos facer presente a Andrés Gaos non xa só como compositor, senón tamén como intérprete e mestre e, en definitiva, como un artista completo.

Montserrat Capelán

◀ Programa de man de Víctor Hormaechea, mentres era alumno de Andrés Gaos

BIBLIOGRAFÍA

- Almirall, Manuel (1966): *El maestro Andrés Gaos*. Manuscrito. Fondo Andrés Gaos. Biblioteca América-Universidade de Santiago de Compostela.
- Andrade Malde, Julio (2010): *Andrés Gaos, el gallego errante*. A Coruña: Editorial Vereda.
- Capelán, Montserrat e Garbayo, Javier (2019): *O universo musical de Andrés Gaos (1874-1959)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións.
- Carta de Adolfo Cipriota a Andrés Gaos Berea, Buenos Aires, 12 de mayo de 1940. Fondo Andrés Gaos, Biblioteca América-Universidade de Santiago de Compostela.
- Carta de Maurice Martenot a Andrés Gaos Guillochón, Neuilly, 30 de septiembre de 1969. Fondo Andrés Gaos, Biblioteca América-Universidade de Santiago de Compostela.
- Dezillio, Romira (2012): «Historizar la experiencia. Hacia una historia de la creación musical de las mujeres en Buenos

- Aires (1930-1955): fundamentos, metodología y avances de una investigación». *Boletín de la Asociación Argentina de Musicología*, 68, pp. 18-27.
- Fernández, Rosa (2005): *Andrés Gaos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Gaos Guillochón, Andrés (2011): *Hispánicas* (introducción). Santiago de Compostela: AGADIC, Dos acordes, Xunta de Galicia.
- Gaos Guillochón, Andrés (2009): *Obras para violín y piano* (introducción). Santiago de Compostela: AGADIC, Dos acordes, Xunta de Galicia.
- Gaos Guillochón, Andrés (2007): *Sonata para violín e piano* (introducción). Santiago de Compostela: Dos acordes, IGAEM.
- Garbayo, Javier (2019): *Aires galegos e Novos aires galegos para piano* (introducción). Santiago de Compostela: AGADIC, Dos Acordes, Xunta de Galicia.
- Gil, José Vicente (2015): «¿Música o magia? La presentación de las ondas musicales de Maurice Martenot en España». *Anuario Musical*, 70, pp. 131-142.

Raimundo, Isaac D. (2019): «Relatório de intervenção na digitalização de suportes áudio do espólio Andrés Gaos», en Capelán, M. e Garbayo, J. *O universo musical de Andrés Gaos (1874-1959)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións, pp. 85-89.

Villanueva, Carlos (1999): *Ciclo de música gallega. Del romanticismo al nacionalismo. Obra para piano, programa de man.* A Coruña: Fundación Barrié.

EDITA

Consello da Cultura Galega

COLABORAN

Afundación, Amigos da Ópera de Santiago, Concello da Coruña,
Concello de Santiago, Corporación de Radio e Televisión de Galicia,
Deputación da Coruña, Organistrum Grupo de Investigación, Ministerio
de Economía e Competitividade, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica
de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia

DIRECTORA

Montserrat Capelán

PRODUCE

aCentral Folque

GRAVACIÓNS ORIXINAIS INÉDITAS

Fondo Andrés Gaos. Biblioteca América-Universidade de Santiago de Compostela

RESTAURACIÓN DIXITAL E MASTERIZACIÓN

Isaac D. Raimundo (INET-Universidade Nova de Lisboa)

TEXTOS

Montserrat Capelán

TRADUCIÓN AO INGLÉS

Irmás Cartoné S.L.

FOTOGRAFÍAS

Tono Arias

DESEÑO GRÁFICO

Ricardo Cabanelas. Reviravolta Design

DEPÓSITO LEGAL

C 313-2020

)G(

Ano Gaos 2019





//Afundación
Obra Social ABANCA



Pinches documental de recibo en los archivos electrónicos de Gestión (PDF) emitido por el Ayuntamiento (RAZÓN-BARCEL) a su proyecto de I+D+i Asociada para MENCIO, mediante un convenio con fondos FEDER de Unión Europea.

Audrei Gay
